

DOS DÍAS

Gonzaga Manso, 2026

1750

ESTREA EN NUMAX: 22.05.2026 | V.O. | +12 | 88 min

Jose Antonio ten 89 anos está a perder a memoria, pero resístese a depender dos demais e deixar de facer o que leva toda unha vida facendo. Pese á prohibición familiar, convence o seu amigo Mindo, ao que hai anos que non ve, a saír a pescar na súa barca. A saída complicase cando quedan sen combustible e, coa noite e a brétema, quedan á deriva no medio do mar. Atrapados nunha pequena barca, a travesía convértese nunha inesperada viaxe sobre a vellez, a amizade e a forma de aceptar o paso do tempo.

O pase do domingo 24 de maio contará con presentación e coloquio das actrices Leticia Costa e Melania Cruz.



Entrevista con Gonzaga Manso: «A historia xorde nun verán que pasei cos meus avós da Coruña na casa na que rodamos o filme»

Que significou para ti que *Dos días* tivese esa acollida tan cálida no Festival de Málaga e, especialmente, recibir o Premio do Público nunha sección fóra de concurso? Pois a verdade é que foi unha pasada. Despois de tanto tempo traballando na película, proxectala por primeira vez con público xa en si é unha experiencia moi emocionante. Pero riba ter esa acollida, escoitando o riso da xente, notando a emoción... foi unha das experiencias máis bonitas que vivín na miña carreira. A acollida foi brutal, o coloquio foi marabilloso e logo aínda por riba gañar o premio do público foi un colofón espectacular. A verdade é que o paso polo festival foi inmellorable.

***Dos días* é a túa ópera prima. En que momento sentes que esta historia —tan íntima e á vez tan universal— tiña que ser a túa primeira longametraxe?** A necesidade de escribir esta historia xurdiu despois dun verán, hai xa bastantes anos, que pasei en casa dos meus avós, na Coruña. De feito, é a mesma casa na que rodamos a película, esa é a casa real dos meus avós. Alí xuntámonos toda a familia cada verán, nun caos marabilloso. Eu ademais pasaba moito tempo co meu avó, saíamos pescar xuntos e compartiamos moitas horas. E recordo que ese foi o primeiro verán no que el estaba a empezar a estar fodido.

Entón sinxelamente xurdíume a necesidade de poñer no papel iso que eu sentira ese verán. Necesitaba expresarme, entender un pouco mellor o que estaba a ver nel e falar dese conflito que, dalgún modo, xa empezaba a asomar. Foi unha escrita relativamente rápida e moi fluída, porque en realidade estaba moi baseada na miña propia experiencia e nun cúmulo de sensacións que tivera durante a miña vida: a miña adolescencia, a contorna familiar, a miña relación co meu avó... Pero como ben dis creo que, a pesar de ser unha historia moi privada, é á vez é moi universal porque fala de cousas tan amplas e tan importantes como o amor, a familia e lidar co paso do tempo, que iso é algo que ao final teremos que facer todos.

A película vira arredor da memoria, a vellez e as contas pendentes. Que che interesaba explorar dese momento vital no que o pasado empeza a pesar máis que o futuro? Pois fíxate que o que máis me interesaba era o punto de inflexión, o punto de cambio a partir do cal empezas a decaer e empezas a non ser independente. Ese punto no que cousas que fixeras sempre, cousas tan sinxelas como saír a pescar na túa barca ou arranxar unha xanela, pois de súpeto custa moito ou mesmo xa non es quen de facelas.

Nese punto de inflexión é onde quería poñer o personaxe. Porque nese cambio de rol pasan moitas cousas... hai negación, hai orgullo, hai teimosía. Pero tamén hai momentos absurdos, humor e moita tenrura. A min paréceme un momento moi interesante. Non quería contar a historia dun home moi maior pero que está nas súas perfectas capacidades, nin quería contar a historia dun home moi maior que está fatal e non pode valerse en por si. Interesábame xustamente o paso dun estado ao outro, e o que conleva.